

Estimadas familias:

Desde a ANPA estamos estudando a posibilidade de implantar o Plan Madruga no colexio o vindeiro curso 2020-2021. Sabedes en que consiste?

Que é o Plan Madruga? Trátase dunha medida de conciliación familiar e laboral, unha aula lúdica na que deixar os nosos fillos e fillas antes de que comece a xornada escolar.

A quen vai dirixido? Ás familias que teñen dificultades para deixar os fillos no colexio por incompatibilidades horarias cos seus traballos. Nalgúns casos vemos que polo nosos horarios é complicado, ou incluso imposible, poder levar aos nenos á escola. Ás veces conseguímolos, pero con boas doses de estrés ata dar cadrado todos os horarios familiares. Outras veces tiramos de avós ou tíos... A aula madruga soluciona todos estes problemas, fainos a vida diaria máis sinxela e descarga de traballo os avós. Por esta razón queremos aula madruga no noso colexio.

Para que idades está pensado? Desde os 3 anos en adiante.

Como o faremos? Unha monitora certificada recibirá no comedor os nenos e nenas a partir das 7:30 e atenderaos ata as 8:30, hora na que os acompañará á fila.

No tempo que pasen na aula madruga poden ler, xogar, almorzar... A monitora levará a cabo diversas propostas de xogo e lecer, para comezar a mañá dunha forma tranquila e alegre.

Canto me vai custar? O servizo só supón un coste aos usuarios que se inscriban. As tarifas da empresa que o xestinaría son:

- Mes completo: 25€.
- Día solto: 4€
- Os irmáns terían un desconto do 10%.

Para que saia adiante o Plan Madruga, precisamos un grupo mínimo de 12 alumnos e alumnas.

POR FAVOR, cubride esta pequena enquisa e enviádea de volta ao colexio o antes posible.

Cres que necesitarás o madruga? Subliña ou rodea a opción que elixas:

- Non necesito este servizo.
- Preciso o madruga e vouno usar:
 - Usareino a diario.
 - Usareino días soltos.

Nome do alumno/a:.....Curso:

Observacións ou comentarios:

Moitas grazas pola vosa colaboración.